

- ¡Pero se non estamos de vacacións! berrou Xacinto.
- O venres teño colexio. Non podemos ir protestou Pablo.
- Dixen "voume" aclarou Rosa axiña, e despois engadiu -: soa a descansar.

E o venres tal e coma tiña previsto, saíu cun par de maletas cara ó aeroporto. Pablo e Xacinto quedaron pasmados e sen palabras.

- ¿E agora que facemos?

O que tiveron que facer sen máis remedio foi ocuparse de eles mesmos e da casa. E axiña comprenderon que non era tan doado. Aquel día Xacinto regresou do traballo esgotado, coma de costume.

- Ola saudou, e foise deitar ó sofá.

Pablo xa estaba instalado no outro. E case sen move-los beizos, dixo:

- Teño fame. Aínda non merendei.

-Pois terás que prepararte ti mesmo a merenda. Estou rendido. Ah..., e cando vaías á cociña, tráeme un vaso de auga.

- Nin pensalo protestou Pablo, e continuaron deitados no sofá.

Pero a fame non perdoa, mesmo aumenta a pasos axigantados. Tanto que, rosmando, non tiñeron máis remedio que erguerse e iren á cociña.

Daquela presentouse un novo contratempo, pois non sabían onde gardaba Rosa as olivas, nin o azucre, nin... Vamos, ¡Que non tiñan idea de nada!

Así que decidiron ir merendar ó bar. E regresaron ó bar á hora da cea, e o día seguinte ó mediodía, e... Xa non deixaron de facelo, pois eles non eran quen a preparar comida ningunha.

Cando non lles quedaba nin unha camisa limpa nin tampouco calzoncillos que poñer, probaron a poñer a lavadora. E... imenuda inundación provocaron no lavabo! Mais, a pesares diso, non desistiron. Estaban seguros de saírense coa súa. Pero ó final, víronse obrigados a leva-la roupa suxa e mollada á lavandería.

Tampouco lles foi mellor coas outras tarefas. E por riba, mesmo a tele da sala deixou de funcionar.

- Ah...-lamentouse Xacinto -. As desgracias nunca veñen soas.

- ¿Canto falta para que regrese mamá? quixo saber Pablo.

- Cinco días respondeu o seu pai, e o dixo de tal forma que soou coma se dixese unha eternidade.

É que para eles o era. Sen Rosa sentíanse perdidos e desamparados. Terían dado calquera cousa para que xa estivese de volta na casa.

- Oxalá non volva a irse nunca. dixo Pablo en ton triste.

Entón, pai e fillo olláronse moi serios. De súpeto decatáronse de que debían facer algo para que Rosa non se ausentase novamente da casa. Si, pero... ¿Qué?

- Pois... botarlle unha man para que non estea tan cansa. recoñeceu Pablo.

A Xacinto iluminóuselle a cara como se acabase de desentrañar un grande misterio. E daquela dixo en ton xubiloso:

- Ben pensado. Se o facemos todo entre todos non será tan pesado.

E falaban moi en serio. Tanto que, cando Rosa voltou da súa viaxe, pillou a un barrendo a sala mentres o outro quitaba o pó dos mobles. Diante de tan insólita escena, Rosa fixo coma se se equivocase de casa. Rapidamente pediu disculpas e finxiu que saía de novo.

Xacinto e Pablo non lle deron tempo, pois, ó vela, correron cara a ela cos brazos abertos.

- ¡Mamá! berrou Pablo.


- ¡Rosal dixo Xacinto emocionado.

- ¡Que me afogades! queixouse Rosa, pois a apertaban tanto que non a deixaban respirar.

Nunca tería esperado un recibimento semellante. Nen tería imaginado tampouco que, dende aquela, Pablo e Xacinto se mostrasen dispostos a axudala no que fixese falta. E, nun chiscar de ollo, aquela casa mudou como do día á noite. E iso non é todo.

Aquel verán non foron á aldea senón que marcharon os tres a Ibiza. E está de máis decir que o pasaron moi ben.

Adaptación e tradución sobre o libro de Pedro Alcántara "¿Quién ayuda en casa?"



¿ Quen axuda na casa?

Unha adaptación da obra de Ricardo Alcántara - EDELVIVES - ALA DELTA



8 de marzo 2006 Día da Muller Traballadora

Aproveitando a data, o Equipo de Biblioteca seleccionou libros de Literatura Infantil e Xuvenil que teñen á muller coma protagonista e tamén unha serie de biografías de mulleres. A exposición poderase visitar en horario de biblioteca e polas tardes de 16:15 a 18.15.

BIBLIOTECA - CEIP de Palmeira

Xacinto saía de traballar ás cinco da tarde. Daquela marchaba para a casa a fume de carozo. Nada máis abri-la porta, resopraba con tódalas súas forzas:

- ¡Uf! ¡Vaia día! ¡Estou esgotado!

E sen máis, deixábase caer nun sofá da sala.

-Ola...- saudábase Rosa, a súa muller, mentres continuaba lavando os pratos, ou pasando o ferro á roupa, ou guisando, ou fregando a escaleira, ou...

Pola contra, Pablo, acudía veloz xunta seu pai, e, no medio dun profundo suspiro, botábase no outro sofá. Alí quedaban os dous durante horas enteiras.

E, de cando en vez, acostumaban dicir:

-Mamá, tráeme unha coca-cola. Pero que estea ben fría.

-Rosa, sírveme unhas olivas. ¡E algo de beber, que teño a gorxa seca!

Rosa non dicía nada, pero para os seus adentros rosmaba:

-¡Vaia par de gandules!

Últimamente xa non se erguían do sofá nin para a cea. E non é que fosen durmir co estómago baleiro. ¡Éranche bos eles! O que pasaba era que Rosa lles poñía unha bandexa; entón, pai e fillo seguían apoltroados, mentres comían vendo a tele. Se o programa era moi interesante, decíanlle a Rosa:

-Ven, ¡ha, ha! bule, ¡ha, ha! ¡Mira que divertido!

Rosa asomaba a cabeza dende a cociña e botaba unha ollada.

-¡Ha, ha! -celebraba sen demasiado entusiasmo, e continuaba coa tarefa.

Pero un día na súa cabeza naceron estrañas ideas. A boa muller atravesaba a sala coa táboa de pasa-lo ferro baixo o brazo, cando un anuncio da tele chamou a súa atención.

No anuncio presentaban praias desertas, fantásticos paseos, maravillosas vistas...

E, por riba, falaban de fabulosos hoteis onde o turista atopaba todo feito. ¡Non era preciso facer nada!

-¡Nada!- rosmou Rosa, coma se non fose quen a crelo. O anuncio remataba cunha rotunda frase:

-Non o pense máis. ¡Veña a Ibiza!

-¡Ai, si! ¡Quero ir a Ibiza!- pensou Rosa e os ollos brilláronlle.



E non só iso. Cousa pouco habitual nela, deixou a táboa de pasa-lo ferro no medio da sala e foi sentar fronte ó televisor. Habían pasar de novo aquel anuncio e non quería perdelo. Pablo e Xacinto non entendían por que se comportaba de forma tan rara.

-Para min que está enferma- comentou Pablo.

-Non sei, non sei...-dixo Xacinto, bastante preocupado.

E Rosa continuaba cos ollos postos na tele. Ata que, logo dun pedazo, para a súa leducia, pasaron outra vez o anuncio.

Entón, no medio dun suspiro de pracer pechou os ollos. Ó facelo, viuse deitada ó sol das

douradas e tranquilas praias.

Aquelo foi mellor que o bebedizo dun poderoso mago. Dun brinco ergueuse e exclamou abrindo os brazos:

-¡Quero ir a Ibiza!

-¿Para que?- preguntou Pablo.

-Pois para non facer nada.

-Aburriríaste, muller, faime caso. -dixo Xacinto.

-Dame igual. Teño ganas de aburrirme algunha vez.

-Non sexas meniña. Ademais, as vacacións pasámolas na aldea.

-Si, e aló divertímonos.

-Pois eu non laiouse Rosa-. Na aldea traballo máis que na casa.

Xacinto encolleu os ombreiros mentres abaneaba a cabeza. Pablo, coma tantas outras veces, imitou o aceno do seu pai. E, acabouse, xa non se falou máis do tema.

Pablo e Xacinto continuaron mirando a tele. Rosa, coma se estivese castigada, foise lava-los pratos. Pero ela seguía a darlle voltas á idea da viaxe, e tan fantásticos pensamentos facíanlle sorrir con picardía. Aquela noite soñou con maravillosas vistas e fantásticos paseos. E ó espertar, pensou:

-Se a eles non lles apetece, pois irei soa.

Inmediatamente ollou para un lado e para o outro, temerosa de que alguén a escoitase. Non entendía como se lle ocorrera tamaño despropósito. Aínda que, pensándoo mellor, recoñeceu que a idea non era tan mala. Desexaba pasar uns días sen facer nada, simplemente descansando.

-Aínda que me consuma o aburrimiento dixo para si, disposta a poñer en práctica o seu plan.

Agardou a que Xacinto marchara para o traballo e Pablo fora á escola. Entón, con paso firme saiu á rúa. Co ánimo axitado e un sorriso chegou á axencia de viaxes.

-Bos días, ¿que desexa? saudouna un empregado.

-Un billete para Ibiza dixo Rosa.

-¿Cando desexa viaxar?

-Pois...-dubidou Rosa, pero axiña atopou o valor necesario:

-Desexo viaxar canto antes.

-¿Qué tal o...venres?

-¡Perfecto! sentenciou Rosa, ó tempo que notaba cóxegas no estómago como se estivese instalada no avión, voando a grande altura.

A partires daquel momento xa non pensou máis que na viaxe. Tanto que, cando Pablo volveu do colexio, non lle tiña preparada a merenda.

-"está moi rara" pensou o rapaz, estrañado.

E a súa sorpresa foi aínda máis grande cando poco despois, estando xunta o seu pai deitado so sofá, berrou:

-¡Mamá, tráeme unhas galletas!

-¡Rosa, dame unha cervexa sumouse Xacinto rapidamente.

Mais Rosa non respondeu, porque nin sequera os oira.

Tiveron que repetilo un par de veces para que ela abandonase o seu mundo de ensoño e volveuse á realidade. Pai e fillo nada dixeron, aínda que se miraron con complicidade. Algo lles dicía que alí había gato encerrado. Sen embargo, rapidamente o negaron coa cabeza e trataron de convencerse de que non eran máis ca unhas tontas sospeitas sen fundamento.

Pero á hora da cea, Rosa confirmoulles que os seus temores eran certos. No mesmo ton que tería empregado para lles decir que ía ó mercado, díxolles:

-O venres marcho a Ibiza.

Os dous erguéronse coma movidos por un muelle:

